



Concello
de Nigrán

**ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DAS
ESCOLAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS E USO DE
INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS**



O desistimento do interesado, sempre que se formule expresamente antes da data de inicio da actividade, dará dereito á devolución do 75 por 100 da contía (no seu caso) ingresada

Artigo 4.—Se por causa non imputable ó obrigado ó pago do prezo non se impartise o curso ou non se puidese realizar a actividade, o Concello estará na obriga de devolver ó suxeito pasivo o importe que este tivese pagado.

Artigo 5.—As cantidades adeudadas por estes prezos públicos esixiranse polo procedemento administrativo de prema.

Artigo 6.—As tarifas dos prezos públicos serán as seguintes:

<i>Actividade</i>	<i>Cuota de inscrición</i>
Cerámica	83,00 €
Pintura	77,00 €
Música	77,00 €
Teatro	77,00 €
Outros cursos	77,00 €
Cursiños	48,00 €

- Nas tarifas inclúese o seguro obrigatorio de accidentes. Nas actividades de cerámica e pintura non se inclúe o consumo de material, que irá a cargo do alumno.
- Os membros dunha familia numerosa terán unha bonificación por cada un deles do 25 % das bases das tarifas. A condición de familia numerosa debe concorrer antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, e deberase acreditar documentalmente xunto coa solicitude.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza reguladora dos prezos públicos das escolas e actividades culturais municipais entrará en vigor e comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS E USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Artigo 1.—Establécese un prezo público pola prestación de servizos municipais en escolas e actividades deportivas ou uso de instalacións deportivas municipais.

Artigo 2.—Estarán obrigados ó pago deste prezo público aqueles que participen como alumnos nas escolas deportivas ou realicen actividades deportivas no Polideportivo Municipal e en pistas deportivas municipais.

Artigo 3.—A obriga de pagar o prezo público nace desde que o alumno se matricule na escola deportiva ou se inicie o exercicio da actividade deportiva.

A renuncia do interesado unha vez iniciada a actividade non dará dereito á devolución da cantidade ingresada.

O desistimento do interesado, sempre que se formule expresamente antes da data de inicio da actividade, dará dereito á devolución do 75 por 100 da contía (no seu caso) ingresada.

Artigo 4.—Se por causa non imputable ó obrigado ó pago do prezo non se impartise o curso ou non se puidese realizar a actividade, o Concello estará na obriga de devolver ó suxeito pasivo o importe que este tivese pagado.

Artigo 5.—As cantidades adeudadas por estes prezos públicos esixiranse polo procedemento administrativo de prema.



Artigo 6. — As tarifas dos prezos públicos serán as seguintes:

1. — Escolas deportivas municipais

<i>Actividade</i>	<i>Cuota de inscrición</i>
Actividades predeportivas	80,00 €
Ximnasia mantemento	80,00 €
Ximnasia 3ª idade	80,00 €
Aerobic	80,00 €
Ioga	80,00 €
Taekwondo	80,00 €
Tai-Chi	80,00 €
Patinaxe	80,00 €
Tenis	80,00 €
Baloncesto	80,00 €
Fútbol	80,00 €
Outras	80,00 €
Cursiños	50,00 €

- a) Nas tarifas inclúese o seguro obrigatorio de accidentes.
- b) Os membros dunha familia numerosa terán unha bonificación por cada un deles do 25 % das bases das tarifas. A condición de familia numerosa, debe concorrer antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, e deberase acreditar documentalmente xunto coa solicitude.

2. — USO DE INSTALACIONES

2.1. — Pistas de tenis:

2.1.1. — Hora ou fracción sen iluminación	3,64 €
2.1.2. — Hora ou fracción con iluminación	5,20 €

Non se autoriza o uso das pistas de tenis a máis de catro persoas simultaneamente, salvo nos cursos organizados polo Concello de Nigrán.

2.2. — Pista polideportiva exterior:

2.2.1. — Equipos federados locais:

- Partidos ou entrenamentos sen luz, por hora ou fracción	0,00 €
- Partidos ou entrenamentos con luz, por hora ou fracción	0,00 €

2.2.2. — Equipos non locais e grupos ocasionais:

- Partidos ou entrenamentos sen luz, por hora ou fracción	11,44 €
- Partidos ou entrenamentos con luz, por hora ou fracción	15,60 €

Os equipos federados locais para ter dereito á gratuidade deberán contar cun mínimo do 60% dos seus xogadores empadroados en Nigrán.

2.3. — Pabillón polideportivo:

2.3.1. — Equipos federados locais:

- Partidos ou entrenamentos sen luz, por hora ou fracción	0,00 €
- Partidos ou entrenamentos con luz, por hora ou fracción	0,00 €

2.3.2. — Equipos non locais e grupos ocasionais:

- Partidos ou entrenamentos sen luz, por hora ou fracción	22,88 €
- Partidos ou entrenamentos con luz, por hora ou fracción	27,04 €



Os equipos federados locais para ter dereito á gratuidade deberán contar cun mínimo do 60% dos seus xogadores empadroados en Nigrán.

Non se autoriza o uso do Pabillón polideportivo cando teña previsto facer uso do mesmo no día solicitado o Concello de Nigrán.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza reguladora dos prezos públicos das escolas e actividades deportivas e uso de instalacións deportivas municipais entrará en vigor e comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Nigrán, a 23 de agosto de 2012. — O Alcalde, Alberto Valverde Pérez.

2012008192

EDICTO

Panadería Playa América, S.L. solicitou licenza de acondicionamento de local e licenza de actividade de panadería para elaboración e venda de pan e os seus derivados que situara na rúa Areosa, n.º 2, baixo esquerda, Praia América, Nigrán (exp. 12/0186SU).

De conformidade co artigo 8.3. do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese o expediente a información pública por un prazo de VINTE DÍAS mediante anuncio no DOG, BOP e exposición no taboleiro de anuncios deste Concello, para que quen se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer poida alegar o que considere oportuno. O prazo de exposición pública considérase aberto dende o día seguinte ao da publicación do primeiro anuncio e rematado transcorridos vinte días dende o día seguinte ao da publicación do último anuncio. O expediente estará a disposición do público e pódese consultar no rexistro xeral do Concello de Nigrán durante as horas de oficina.

Nigrán, a 23 de agosto de 2012. — O Alcalde, Alberto Valverde Pérez.

2012008191

ANUNCIO

Aprobada definitivamente a modificación do anexo de persoal laboral temporal incluído no orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2012, faise público que a modificación aprobada consiste en incrementar en un mes a duración da contratación laboral temporal a tempo parcial dos once monitores de actividades deportivas nas modalidades de ioga, taekwondo, tenis I, aerobio, ximnasia terceira idade, patinaxe I, ximnasia de mantemento I, ximnasia de mantemento II, tenis II, taichi e patinaxe II, de forma que se estableza para un período de 8 meses ao ano.

Nigrán, a 28 de agosto de 2012. — O Alcalde, Alberto Valverde Pérez.

2012008289

* * *

OIA

ANUNCIO

Ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de agosto de 2012, a Conta Xeral do exercicio 2011, deste concello de Oia, por medio do presente, en cumprimento do establecido no artigo 212.3 do T.R. 2/2004 da LRFL expónse ó público por espazo de quince días, para que durante este prazo, e oito días máis, os interesados poidan presentar as reclamacións reparos ou observacións que estimen oportunas.

Oia, a 28 de agosto de 2012. — O Alcalde, Alejandro Rodríguez Rodríguez.

2012008279